

---

## Breves

---

**Imaxe da Universidade de Vigo.** A institución universitaria de Vigo ten xa un logotipo identificador, realizado por un equipo de deseño ourensano. Nel, mistúranse a bandeira da Comunidade galega, o "V" inicial da cidade de Vigo e máis tres libros, representativos dos tres Campus que conforman a Universidade.

**Profesor de esperanto.** A Universidade de Santiago fixo pública a convocatoria dunha praza de docente e organizador da Sección de Esperanto do Instituto Universitario de Idiomas, á que poderán optar tódolos titulados superiores que o desexen sempre e cando teñan experiencia na docencia e investigación desta lingua. Os aspirantes deberán superar un exame o concurso de valoracións, a realizar por unha comisión. As solicitudes deberán presentarse antes do día 31 deste mes de xaneiro na secretaría do Instituto de Idiomas, na Facultade de Filoloxía de Santiago.